


## 45 RECETAS CON ORTIGAS OBTÉN O PREMIO “GOURMAND 2006” Ó MELLOR MONOGRÁFICO CULINARIO EN ESPAÑOL



- O libro foi publicado hai tres meses por Alvarellos Editora e o seu autor é o chef ourensán Martín Álvarez.
- *45 recetas con ortigas* competirá agora no “Concurso Gourmand aos Mellhores Libros de Cociña do Mundo” que se fallará en Beijing, China, en abril de 2007.
- Os premios Gourmand están considerados como os “Óscar” dos libros gastronómicos. O xurado valorou a orixinalidade e a coidada edición desta obra.

O libro *45 recetas con ortigas* (*La propuesta más imaginativa de la “Nova cociña galega”*) do chef ourensán Martín Álvarez, publicado por Alvarellos Editora, acaba de ser recoñecido cun premio Gourmand, o equivalente aos “Óscar” dos mellores libros de cociña do mundo. A obra resultou premiada na categoría Best Single Subject Book en castelán do 2006, é dicir, o mellor monográfico culinario editado este ano en España, e agora competirá a nivel mundial contra os gañadores na mesma categoría noutras linguas, fase final do concurso que se celebrará en Beijing, China, o 6 de abril de 2007.



# alvarellos

EDITORA

Os Premios Mundiais de Libros de Cociña/Gourmand fundáronse en 1995. Neles contémpanse diferentes categorías segundo a temática dos libros e tamén a lingua de edición. O obxectivo dos Gourmand é, segundo os organizadores, “honrar a aqueles que cociñan coa palabra”. Na presente edición de 2006 presentáronse máis de 5.000 obras de sesenta países diferentes.

O xurado dos Gourmand 2006, integrado por un selecto elenco de expertos gastronómicos e profesionais do sector do libro de todo o mundo, destacou en *45 recetas con ortigas* o feito de ser unha obra monográfica, moi orixinal e cunha coidada edición.

Este receptorio é o primeiro que se publica en España e Portugal coas ortigas como argumento gastronómico e con el Alvarellos Editora abriu a súa nova colección “A lume lento”. Na primavera, *45 recetas con ortigas* publicarase nunha edición especial destinada ao mercado francés.

***Para contactar co editor Henrique Alvarellos: 609 90 88 52***

***Para contactar co autor Martín Álvarez: 661 926 549***

***Para contactar coa organización dos Gourmand: 91 541 67 68 (Óscar Yáñez)***



Rúa das Arribadas 7, 1º C  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52